

III Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña (UDC), por medio da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación e da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente, fai pública a convocatoria dos III Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña.

1. Obxecto

Recoñecer e impulsar a calidade daquelas iniciativas de innovación docente que empreguen a metodoloxía da aprendizaxe-servizo dentro do marco curricular da UDC.

2. Persoas destinatarias

Poderá optar a estes premios o persoal docente da UDC que perciba as súas retribucións con cargo ao capítulo I dos orzamentos desta universidade, sempre que os proxectos con que concorran fosen presentados e aprobados nalguna das dúas últimas convocatorias de certificación de proxectos de aprendizaxe-servizo (2020/21 e 2021/22) publicadas pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente.

Só poderán optar aos premios aqueles proxectos que non resultasen gañadores doutras convocatorias de premios da UDC. Establécense tres modalidades de participación:

- Sustentabilidade: proxectos relativos ao respecto ao medio ambiente, a economía circular ou a procura dun equilibrio entre o desenvolvemento económico e o medio.
- Atención á diversidade: proxectos relacionados coa diversidade e a discapacidade que persigan os principios de inclusión e de igualdade de oportunidades.
- Redución das desigualdades: proxectos que pretendan contribuír á mellora da situación socioeconómica, cultural ou emocional dunha comunidade, un grupo social ou un colectivo que presente unha situación desfavorable.

3. Contía dos premios

A dotación económica total destinada a este fin é de 3000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 08000806.422D.48102.

Establécense os seguintes premios por cada modalidade de participación, coas seguintes dotacións:

PREMIO Á INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE-SERVIZO EN MATERIA DE SUSTENTABILIDADE (patrocinado pola Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desarrollo Sostenible)

- 1.º premio: 600 €
- 2.º premio: 400 €

PREMIO Á INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE-SERVIZO EN MATERIA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 1.º premio: 600 €

Código Seguro De Verificación	CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



– 2.º premio: 400 €

PREMIO Á INNOVACIÓN DOCENTE EN APRENDIZAXE-SERVIZO EN MATERIA DE REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES

– 1.º premio: 600 €

– 2.º premio: 400 €

4. Comisión avaliadora e criterios de selección

As candidaturas que se presenten serán valoradas unha comisión avaliadora externa formada polas seguintes persoas especialistas en aprendizaxe-servizo:

- José Eugenio Rodríguez Fernández, Universidade de Santiago de Compostela
- Almudena Alonso Ferreiro, Universidade de Vigo
- Ángel Fernández Castro, director da Cátedra Hijos de Rivera-UDC de Desarrollo Sostenible
- Ana Lampón Gude, Solidariedade Internacional de Galicia

A devandita comisión terá acceso á documentación e ás memorias dos proxectos que se presentasen no marco das distintas convocatorias de certificación de proxectos de aprendizaxe-servizo da UDC. A puntuación establecerase segundo estes criterios:

- Aprendizaxe. Existencia dunha vinculación estreita entre as aprendizaxes adquiridas, o currículo académico e o servizo realizado.
- Necesidade atendida. Respóndese a unha necesidade auténtica e debidamente xustificada.
- Participación activa do estudantado durante todo o proxecto, desde a detección de necesidades ao deseño do proxecto, pasando pola súa realización e avaliación final.
- Reflexión: o proxecto contribúe a fomentar a reflexión e o pensamento crítico no alumnado.
- Colaboración entre entidades receptoras e promotoras do servizo: o proxecto deseñouse tendo en conta as necesidades das entidades receptoras e desenvólvese cun enfoque comunitario e de reciprocidade.
- Envergadura do proxecto atendendo á cantidade de estudantado e persoas destinatarias implicadas e mais a duración do proxecto.
- Impacto na contorna e sensibilización/concienciación social da comunidade acerca do tema traballado.
- Proxección. Posibilidade de que o proxecto se consolide e teña continuidade, así como de trasladalo a outras materias e a outras entidades receptoras.
- Identificación coa liña temática da convocatoria. O proxecto está directamente relacionado cunha das liñas temáticas desta convocatoria.
- Actos efectuados en relación co proxecto (encontros, festas, entrega de diplomas etc.) ou actividades de comunicación e difusión do proxecto (presenza en redes sociais, web, publicacións, relatorios ou pósteres en congresos, divulgación científica etc.).

Cada un dos criterios anteriores poderá sumar un máximo dun 10% sobre a valoración total.

Código Seguro De Verificación	CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5. Documentación necesaria

As persoas interesadas en optar ao premio deberán entregar o **anexo I**, dirixido á Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación (Oficina de Cooperación e Voluntariado), debidamente cuberto.

6. Prazo e lugar de presentación

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria até as 23.59 h do 29 de setembro de 2023, preferentemente por medio do rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register). Tamén poderán entregarse no Rexistro Xeral da UDC (rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares dos campus de Elviña (trasladado temporalmente ao campus da Zapateira, 15071 A Coruña) ou Esteiro (Edificio de Apoio ao Estudo, 15403 Ferrol).

7. Aboamento dos premios

O pagamento dos premios farase por transferencia bancaria á conta en que se lle ingrese a nómina tras a aceptación da persoa seleccionada, coa retención do IRPF que corresponda.

No caso de que o proxecto fose levado a cabo por varias persoas, o importe do premio dividirase entre elas a partes iguais, que se ingresarán por transferencia bancaria nas correspondentes contas, coas retencións do IRPF que correspondan.

8. Obrigas das persoas seleccionadas

As persoas seleccionadas comprométese a presentar a súa aceptación ou renuncia ao premio (**anexo II**) na forma que se indique cando se lles notifique a concesión por correo electrónico.

A aceptación implica que as persoas gañadoras se comprometen a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria. Así mesmo, comprométese a estar presentes na cerimonia de entrega que terá lugar no marco das VII Xornadas de Innovación Docente da UDC.

9. Resolución

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, a comisión avaliadora elixirá as catro mellores propostas conforme aos criterios establecidos no punto 4 desta convocatoria, e publicará unha listaxe provisoria de gañadores. As persoas interesadas poderán formular as alegacións que consideren convenientes no prazo dos tres días hábiles seguintes a esta publicación.

Transcorrido o devandito prazo e contestadas, de ser o caso, as alegacións presentadas, a Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación resolverá definitivamente a convocatoria. Contra esta resolución definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución.

Código Seguro De Verificación	CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



10. Protección de datos persoais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son R/Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder os III Premios a Proxectos de Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no taboleiro de anuncios da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; www.udc.gal/cufie, na forma prevista na disposición adicional 7ª LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada trinta días naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posíbel exixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsábel do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección de Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu Documento de Identidade. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Código Seguro De Verificación	CYgpZGZxTcavtUhdUOv6yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdUOv6yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I. Candidatura aos III Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña

1. Datos persoais

APELIDOS E NOME:
DNI:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:
CENTRO DA UDC A QUE PERTENCE:
NOME DO PROXECTO QUE PRESENTA AOS PREMIOS:
LIÑA TEMÁTICA DA CONVOCATORIA (márcase só a que corresponda): <input type="checkbox"/> Sustentabilidade <input type="checkbox"/> Atención á diversidade <input type="checkbox"/> Redución das desigualdades
CURSO/S ACADÉMICO/S EN QUE SE DESENVOLVEU:
CONVOCATORIA/S EN QUE SE CERTIFICOU O PROXECTO:
SE PARTICIPARON MÁIS DOCENTES, CÓMPRE INCLUIR AQUÍ OS SEUS DATOS (apelidos e nome, DNI e enderezo electrónico):

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
CYgpZGZxTcavtUhdUOv6yw==	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	
Observacións	Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdUOv6yw==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



2. Datos relacionados coa difusión e a proxección do proxecto

Actos efectuados en relación co proxecto (encontros, festas, entrega de diplomas etc.)	
Actividades de comunicación e difusión do proxecto (presenza en redes sociais, web, publicacións, relatorios ou pósteres en congresos, divulgación científica etc.)	

A Coruña/Ferrol, de de 2023

Sinatura da/s persoa/s solicitante/s

**Sra. vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
Oficina de Cooperación e Voluntariado**

Código Seguro De Verificación	CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo II. III Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña: aceptación ou renuncia

Quen abaixo asina:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da convocatoria dos III Premios á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo da Universidade da Coruña.
- Comprométese a cumprir cos termos establecidos na devandita convocatoria.

Nome e apelidos:

DNI:

Facultade/Escola:

Acepto o Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo que se me concedeu.

Renuncio ao Premio á Innovación Docente en Aprendizaxe-Servizo que se me concedeu.

Motivo da renuncia:

.....

A Coruña/Ferrol, de de 2023

Sinatura

**Sra. vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
Oficina de Cooperación e Voluntariado**

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw==	Asinado	14/09/2023 12:53:50
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	
Observacións	Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CYgpZGZxTcavtUhdU0v6yw=	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

